Os congresos obreiros galaico-portugueses

Contexto internacional

O movemento obreiro tentaría nos seus inicios rachar co espírito caduco dos gremios artesanais, derivados de época medieval, bebendo en grande medida dos principios da Revolución francesa e tendo, como é lóxico, unha relación directa coa Revolución Industrial do século XVIII (destacando o movemento "luddista", concretado na destrución de máquinas). Así mesmo, o movemento obreiro fica enraizado na participación do proletariado nas loitas da burguesía contra o feudalismo en tempo moderno; nas Sociedades Secretas (Blanqui) e na Liga Comunista Alemá, ou nos levantamentos dos teceláns de Lyon (1831) e Silesia (1844), entre outros.

As primeiras organizacións de masas -como a dos *Cartistas* ingleses- loitaron desde un inicio polos dereitos da clase traballadora, presentando melloras para o conxunto da sociedade. Por exemplo o sufraxio universal, o voto secreto ou a participación das clases populares no xogo político-institucional. Os acordos tomados nas institucións tamén tiñan para eles consecuencias, xa que o poder estaba monopolizado pola burguesía e aristocracia. As primeiras declaracións de Principios reflectirían a capacidade intelectual da vangarda daquela clase obreira, revolucionarios dos que nacerían teorías aínda vixentes, caso do *Manifesto Comunista*.

A filosofía alemá (Hegel e Feuerbach), os economistas ingleses (Smith e Ricardo) e as teorías sociais da Francia (o *utopismo* de Fourier e Saint-Simon) abonaron o terreo que permitiu ás duas máis destacadas figuras do socialismo no século XIX, Marx e Engels, elaboraren a teoría do Socialismo Científico. O *Manifesto Comunista*, publicado no 1848, converteuse na "pantasma" teórica que deixaría marxinados os oportunistas no Movemento Obreiro, e sería guía para outros manifestos e escritos da clase obreira en todo o mundo.

A Asociación Internacional de Traballadores

A Iª Internacional, fundada o 28 de setembro do 1864, tería un longo proceso de desenvolvemento ideolóxico e orgánico da organización proletaria a escala mundial. O seu máximo relevo viría derivado de ter sido a fronte única de todas as correntes do pensamento obreiro. Marxistas, lasalleanos, socialistas utópicos (owenistas e fourieristas), proudhonianos, bakuninistas, trade-unionistas ingleses, comprenderon a necesidade de unírense, por vez primeira na historia, para daren unha orientación clasista e revolucionaria ás organizacións obreiras a escala mundial, co obxectivo compartido da emancipación das e dos traballadores da súa propia man, obtendo un medre extraordinario grazas ao movemento folguístico desenvolvido a partir da crise capitalista mundial de 1866-68.

O anarquismo, ademais, desenvolveríase de xeito especialmente importante en Italia, Francia e o territorio peninsular, caso da Galiza e Portugal, a partir da Internacional Negra, fundada en 1881 por Kropotkin, Reclus, Malatesta e outros, até o poderoso movemento sindicalista revolucionario das primeiras décadas do século XX. Oito anos despois nacía a IIª Internacional, baixo o dominio do laborismo inglés, máis feble que a primeira e que daría na segunda década do século XX a Internacional Comunista (1919).

Desde os inicios do século XX o proletariado sería o primeiro actor da loita de clases de xeito mantido no tempo. Así, durante o século anterior grandes accións revolucionarias eran máis espaciadas (1848, 1871...) que no pasado. Nesta liña, as folgas xerais masivas iniciaríanse de xeito imparábel nos comezos do XX (exitosamente de 1900 a 1905) nos EUA., Holanda, Alemaña, Francia, Suecia e en Galiza ou Portugal, co punto e á parte que suporía a Revolución rusa de 1905, remozando a importancia das loitas na rúa e da 'toma do poder'.

Galiza entre dous séculos. Do agrarismo á cuestión obreira

A Galiza do primeiro terzo do século XX non cambiara, estruturalmente, no básico respecto ao final do século XIX. Era o noso un país eminentemente rural, de dous millóns de habitantes, especialmente marcado por unha emigración que resultaba dun forte 'atraso económico', subdesenvolvido política e tecnoloxicamente. Unha terra empobrecida, cunha feble industrialización e un desenvolvemento urbano cativo, por mor dunha situación colonial a respecto da metrópole española.

No marco desta realidade, onde era de salientar unha falta de atención total por parte da administración, representada polo tecido institucional e xurídico español, achamos unha organización reivindicativa que se abre camiño con forza entre o campesiñado: *Solidaridad Gallega*. Vai destacar esta entidade entre o 1907 e o 1912 na vertebración e concienciación do campesiñado galego en relación á orixe das súas problemáticas. Irrompía pouco despois con forza, especialmente en Ourense, a denominada *Liga de Acción Gallega* que desde o verán do 1912 lideraría a loita agraria co crego Basilio Álvarez (1877-1943) á cabeza. Este movemento tería como xermolo a publicación quincenal *Acción Gallega*.

A Solidariedade e a Acción Galega fertilizaban o vizoso rural galego de cara ao espallamento dun ideario agrarista galego, mais tamén do que en breve se autodenominaría movemento 'nazonalista'.

Enlazaba esta realidade con vellas publicacións de denuncia social, ligadas ao medio rural como as páxinas do semanario *O Tio Marcos d'a Portela*. *Parrafeos c'o Pobo Gallego* (1876) e o *Catecismo d'o Labrego* (1889), ambas as obras ideadas e redactadas polo xornalista Valentín

Estampa sobre a emigración en Vida Gallega

Lamas Carvajal (1849-1906) e ligadas fortemente ao galeguismo e agrarismo. Na publicitación que *O Tio Marcos d'a Portela* facía do Catecismo de Lamas, podíase ler o seguinte parágrafo:

"Tod'o o que n-el se di está resumido n-o dibuxo d'a portada (...). O coitadiño paisano gallego marcha, camiño do calvario, levando sobre do lombo a pesada cruz d'as suas calamidás e disgracias. Atado pol-o pescozo c'unha corda, d'a que turra un ministro, vai escoltado por un xeneral e un señor".

Con certeza a ideoloxía anticaciquil e galeguista na que ficaban inmersas as páxinas das devanditas dúas obras, nunha Galiza finisecular de polarizada realidade socioeconómica, contribuíu, abofé, á conformación dun pensamento social e patriótico en varias xeracións de galegos entre as clases populares.

Mitin Agrario

Alén das páxinas do *Catecismo d'o Labrego*, *O Tio Marcos d'a Portela* e doutros múltiples libros, vería a luz nos inicios do século XX *A Nosa Terra*, nunha primeira xeira rexionalista (1907-1908), para dar logo a unha segunda explicitamente nacionalista (1916-1930); a primeira vinculada a *Solidaridad Gallega* e a segunda ás *Irmandades dos Amigos da Fala*, ambas impulsadas da man do grupo agrarista e galeguista radicado na Coruña, con figuras centrais como o historiador Manuel Murguía, o xurista Salvador Golpe (1850-1909), Manuel Lugrís Freire (1863-1940) e o poeta Eduardo Pondal (1835-1917), entre outros.

Alén das páxinas do Catecismo d'o Labrego, O Tio Marcos d'a Portela e doutros múltiples libros, vería a luz nos inicios do século XX A Nosa Terra, nunha primeira xeira rexionalista (1907-1908), para dar logo a unha segunda explicitamente nacionalista (1916-1930); a primeira vinculada a Solidaridad Gallega e a segunda ás Irmandades dos Amigos da Fala, ambas impulsadas da man do grupo agrarista e galeguista radicado na Coruña, con figuras centrais como o historiador Manuel Murguía, o xurista Salvador Golpe (1850-1909), Manuel Lugrís Freire (1863-1940) e o poeta Eduardo Pondal (1835-1917), entre outros. Aquela última irmandade faría a súa aparición formal no ano 1916, pouco despois de ter lanzado Antón Vilar Ponte (1881-1936) o 5 de xaneiro o seu folleto *Nacionalismo Gallego (Apuntes para un libro)*, subtitulado *'Nuestra afirmación regional'*; folleto no que se recollía unha acesa defensa e reivindicación da lingua propia da Galiza, expóndose a necesidade de artellar un movemento que a defendera, recoñecendo e potenciando o país como "patria natural" e "pobo libre con persoalidade histórica", sendo na práctica aquel folleto unha chamada á reorganización do galeguismo.

Aquel movemento agrarista e os embates que libraría, sobre todo contra as autoridades por mor de gravames aos que facer fronte, servirían de adestramento dun movemento obreiro por tecer. Nesta orde de cousas observamos como se darán en núcleos urbanos varias folgas, que lembran en grande medida aos vellos motíns de abastecemento e fronte á suba de prezos de produtos de primeira necesidade, caso do pan, do que falaba por volta de marzo do 1901 o xornal coruñés *La Voz de Galicia*:

"As noticias da alza no prezo dos artigos de primeira necesidade caen en moitísimos fogares causando o efecto dunha bomba: e estas malas novas repítense desde hai algún tempo con frecuencia estarrecedora".

Entre estas mobilizacións realizadas a inicios do pasado século, e no contexto expresado, cómpre destacar as do 1901 e o 1903 na Coruña, por exemplo. No referido ao 1901, de grande relevo, e tal e como xa indicara o historiador Antón Capelán, á altura do *"...27 de marzo decláranse en folga uns 70 consumeiros ao veren rexeitadas as reivindicacións que Carlos Planas [presidente da asociación de 'oficios varios', da que sería o anarquista Juan José Cebrián García o secretario] lle presenta á empresa arrendataria. Entre as súas reclamacións destacan as seguintes: un real de aumento de xornal, construción de garitas adecuadas nos puntos de servizo, non ter que facer servizo "dobre" –de seis a doce da mañá- en días alternos despois da ronda nocturna ou cobrar por iso medio xornal"*.

1901: A garda civil dispara en a Coruña sobre mobilizacion obreira

Esta folga dará como consecuencia no inmediato a toma por parte da Garda Civil das rúas coruñesas, así como vinte traballadores detidos. A forte solidariedade de clase presentada no momento e o ambiente popular reivindicativo expresado deu lugar á excarceración dos activistas detidos, así como a satisfacción de parte das demandas obreiras dos dependentes de consumo, nomeadamente suba salarial e mellora das condicións de traballo. Ademais, dará como resultante outras folgas e mobilizacións que sobre o alento desta se desenvolverán en Ferrol e Vigo, por exemplo, e outra volta na Coruña na primavera daquel mesmo ano. Desta volta na cidade herculina, na que o anarcosindicalismo tiña grande forza, seguido con distancia polo socialismo, a Garda Civil abrirá fogo contra os obreiros que se manifestaban camiño do fielato de Catro Camiños; ficando morto o obreiro Mauro Sánchez de trinta e catro anos, pai de cinco fillos, e feridos ducias de traballadoras e traballadores. Na noite do día no que isto acontecía, 30 de maio, diversas sociedades obreiras de resistencia convocaban unha folga xeral. Estes ao día seguinte acudirían ao soterramento do compañeiro asasinado, sendo fortemente atacados por tropas de infantería do exército e a Garda Civil, tras ser decretado o 'estado de guerra'. A consecuencia desta represión sería a morte de varias obreiras e obreiros e multitude de feridos, para alén de numerosos detidos. Boa parte deste últimos serían xulgados no verán do 1902 en 'consello de guerra', tendo como sentenza firme varios anos de prisión (de seis a vinte).

En 1903 xorde un novo conflito na Coruña, que terá ampla incidencia social. A administración de consumos acorda que o imposto sobre o peixe desembarcado se pague segundo o peso. As peixeiras que fan o trafego deste alimento opóñense; son unhas 400. Malia as reticencias conseguen a unidade cos mariñeiros. O paro do 13 de febreiro é total. A corporación republicana está entre dous lumes, máxime cando a folga conta co reforzo dos obreiros metalúrxicos, que levan desde xuño de 1902 reivindicando as 8 horas. O mitin que se realizou o 12 na praza de touros da cidade reuniu entre 7.000 e 8.000 persoas segundo *El Noroeste*.

Fábrica de salazón

Foi o maior mitin do período. "Ao día seguinte o Concello e a compañía arrendataria chegaban a un acordo, que quedaría en vigor até o 31 de decembro de 1904: o primeiro renunciaba á cantidade que ía reportarlle o imposto, e a segunda retiraba as básculas".[1]

EL NOROESTE

LA CORUÑA

EL PARO GENERAL

EN EL DOMICILIO

Sexa como for, naquela altura na Galiza estaba a medrar o número de proletarios e entre estes do sindicalismo, parellamente a unha industrialización que iría *in crescendo* co paso dos anos a partir de diversos sectores, caso do conserveiro -xa introducido na segunda metade do século anterior-, de numerosa presenza feminina. Unha realidade sindical ben rica, que tería que combater novas formas patronais -entre as que estaba a utilización, por aquelas datas xa, da figura do esquirol-, e que chegaría con grande vigor o seu axir até o verán do 1936, cando a represión franquista duramente reprimiría as e os comprometidos cun mundo mellor, dando lugar ao asasinato de numerosos cadros do obreirismo e a esquerda daqueles anos no seu conxunto.

[1] *Os conquistadores modernos*, Dionisio Pereira, A Nosa Terra, Galiza 1992, pp 31.

Portugal: Nacemento e desenvolvemento da cuestión obreira entre dous séculos.

Ao longo da primeira metade do século XIX, as organizacións de clase existentes en Portugal eran as confrarías e irmandades relixiosas que só valorizaban os aspectos culturais e espirituais, en detrimento do aspecto material da vida dos operarios. O proletariado vivía na miseria e na ignorancia, sen consciencia dos seus intereses de clase e sen saber defenderse da explotación que os patróns exercían, mantendo xornadas diarias de doce a catorce horas, por veces en condicións escravistas, sen seguranza e hixiene ningunha, ficando o traballo infantil moi estendido.

Fronte esta realidade iríase artellando unha resistencia que levaría á creación de sindicatos de clase e, propiamente, a un vizoso movemento sindical portugués.

1896 chegada primeiro tren de Coimbra-Porto

No ano 1890 no país veciño ao sur había 180.000 operarios, dos que unha quinta parte serían menores de idade. A poboación na industria e nos servizos era no seu conxunto de preto de 428.000 persoas (36%), fronte 1.442.000 (64%) dedicados ao agro. A poboación de Portugal era segundo o censo do ano 1900 de 5.423.000 persoas.

Maioritariamente os operarios traballaban en domicilios, nun ámbito doméstico –derivado do substrato deixado polo *domestic system*- ou en pequenos gabinetes, sendo moi reducida a concentración operaria en fábricas. Neste contexto era ben miserábel a condición de vida do proletario, con horarios superiores ás dez horas, atinxíndose nalgúns sectores as trece horas e, mesmo, as catorce horas; resultando numeroso o traballo feminino e infantil e as altas taxas de mortalidade.

O número de accidentes no mundo do traballo era, ao igual que en Galiza, moi elevado, nomeadamente entre os mineiros, con condicións habitacionais pésimas. Para o mundo fabril de Lisboa e Porto principalmente, e o resto do país secundariamente, recrutábase a man de obra no agro. Ao tempo, algunhas das irmandades e confrarías iríanse convertendo en *Associações de Socorro Mútuo*, formalmente non dirixidas por partido político ningún, mais si por elementos da burguesía (ex. Sousa Brandão), lonxe da loita directa proletariado fronte á patronal.

Vista de Lisboa

Ora, no 1839 xurdía a *Associação dos Artistas Lisbonenses*, fundada por Alexandre Fernandes da Fonseca e máis 19 operarios que, non sendo de clase, tiña xa por fin socorrer os operarios na vellez, na doenza e no desemprego.

No 1850 aparece en Lisboa a *Associação dos Operários*, organización mutualista, mais xa como xermolo de asociación de clase, como resultado do apelo lanzado no primeiro número da publicación *O Eco dos Operários* dirixido por Sousa Brandão e Lopes de Mendonça, aos que se xuntaría tempo despois Vieira da Silva.

Asociacións de clase

Nos anos 1843 e 1845, o operario gráfico Vieira da Silva tenta crear entre os operarios unha asociación de clase que faga valer os dereitos económicos e sociais das e dos traballadores. Tras fracasar no intento, finalmente no 1852 fundaría a *Associação do Trabalho para os Fabricantes de Seda*, que xorde baixo o formato cooperativista. Naquel mesmo ano organizaríase o *Centro Promotor das Classes Laboriosas*. Esta institución sería esencialmente un medio dinamizador para a creación de asociacións, un local de debate e un centro de instrución.

No ano 1864 organízase un outro Centro Operario en Lisboa, seguido do que se inauguraría no Porto, organismos con funcións de federación para defensa dos intereses sociais e económicos dos traballadores, tentativas organizativas con pouco éxito pola existencia do devandito Centro Promotor que prevaleceu sobre todas as outras organizacións operarias até 1872.

O Centro Promotor defendía un socialismo que Karl Marx caracterizou de burgués: unha parte da burguesía procura dar remedio ás anomalías sociais, a fin de consolidar a sociedade burguesa. E ben coñecido é que a burguesía, como é natural, concibe o mundo no que é dominante como 'o mellor dos mundos posíbeis'.

Esta primeira fase do movemento asociativo e operario está influída ideoloxicamente a nivel da **burguesía** condutora do movemento obreiro polas ideas de Proudhon, Saint-Simon, Louis Blanc, Owen e Fourier. Esta influencia estenderíase até principios da década dos 70, altura na que comeza a prevalecer a influencia da Internacional, reforzada polos acontecementos da Comuna de París.

Sobre este mesmo tema di o historiador José Hermano Saraiva: "as ideas anarquistas estaban representadas en Portugal xa por volta de 1870, mais non chegaran a constituír un camiño político porque a tendencia socialista se tornou entón dominante no movemento operario portugués".

O dato que nos permite valorar o grao de organización da clase obreira portuguesa é que no ano 1890 se celebra o Primeiro de Maio en Portugal por vez primeira. En Lisboa 8.000 operarios abandonaron o traballo, baixo a vixilancia da policía, e concentráronse no cemiterio de Praceres, e reivindícase a xornada de 8 horas. No Porto efectúase un comicio no Monte Aventino, no que participan 20.000 manifestantes. Debemos ter en conta ademais a existencia de *círculos católicos operarios* (CCO) que xorden no Porto no ano 1898, e que en 1907 tiñan 12.000 afiliados.

O distanciamento das asociacións de clase en relación ao Partido Socialista Operário (PSO), marca o ascenso das correntes libertarias cuxa independencia se manifesta na realización no ano 1885 do *1º Congresso das Associações de Classe* promovido pola *Associação dos Ferreiros e Artes Correlativas de Lisboa*, tomando parte nel nove asociacións de clase, o *Centro Operario de Lisboa*, os *Carpinteiros Navais*, o *Centro Escolar Operario de Alcântara* e dúas cooperativas.

"En 1887 foi publicada a declaración que presenta como reivindicacións fundamentais das clases traballadoras: a eliminación do Estado e a supresión da liberdade individual. No mesmo ano iniciouse a publicación do xornal *A Revolución Social*, que asume sen ambigüidade o programa anarquista. En 1892 comeza a publicarse en Lisboa *A Revolta*, tamén anarquista (...) a partir de 1891 os anarquistas aproxímanse aos republicanos".[2]

No 1881 realizábase un novo congreso en Lisboa. No 1892 tería lugar outro no Porto, sen se desenvolver con normalidade, seguíndolle un outro en Lisboa nese mesmo ano, xa con asociacións do sur sumadas ás do norte, destacando unha importante oposición á tendencia reformista. No 1894 realizábase un novo congreso desdobrado en Lisboa e no Porto no que sería reivindicada a xornada de oito horas e votada a *Confederação Nacional das Associações de Classe* cos programas das federacións de Lisboa e O Porto, organizándose deste xeito as federacións onde houber máis dunha asociación.

Parello a isto chegaba a Portugal con forza a repercusión da CGT francesa e do seu sindicalismo revolucionario de acción directa que, vindo ao encontro do modo de sentir e axir das clases traballadoras daquel tempo, veu eclipsar máis aínda a táctica reformista que, co seu repudio ás folgas e á propia acción directa, se afastou aínda máis das clases traballadoras.

Esta realidade é a que como substrato dará como resultante os Congresos obreiros galaico-portugueses de inicios de século e, asemade, que no 1908 aparecera o primeiro diario operario portugués, *A Greve*, que saía do prelo e se repartía nas rúas un 18 de Marzo, coincidindo co aniversario do inicio da Comuna de París no 1871 - onde, por vez primeira, o proletariado conquistaba o poder político-, desta volta nunha altura na que o dereito á *greve* (folga) sería prohibido en Portugal. Así, "...durante cerca de sete meses, A Greve *procurou difundir os principios do sindicalismo revolucionario, contribuíndo para que o movemento sindical se liberase da influencia dos socialistas, e que vén a acontecer após a instauración da I República en 5/X/1910".*[3]

Coinciden cos Congresos Galaico-Portugueses, como acontecía tamén en Galiza, conflitos laborais en Portugal. Acerca disto escribe Vítor de Sá en *Movimento operário e sindicalismo em Portugal*: "En 1902 son as loitas na rexión dos leneficios da Covilla e Gouveia. En 1903, a folga dos teceláns do Porto, dos operarios da cerámica, da cortiza, da encadernación e tipografía, das refinerías do azucre, dos descargadores do Barreiro, dos chapeleiros de San Xoán da Madeira, dos metalúrxicos de Lisboa"[4]

---

[2] *História de Portugal*, José Hermano Saraiva, Publicações Europa-América, Portugal 1998, pp 483.

[3] Canais Rocha, F. *"Resenha histórica do movimento operário e do movimento sindical português (1838-1970)"* in Canais Rocha, F. *et alli*, *Contributos para a história do movimento operário e sindical. Das raízes até 1977*, Lisboa, CGTP-Intersindical e Instituto Bento de Jesus Caraça, 2011.

[4] *Cadernos da revista Técnica do Traballo*, editora Federación dos Sindicatos Téxteis, Lanefícios e Vestuário de Portugal, 1981, páxina 79)

Os congresos obreiros galaico-portugueses. O I Congreso. 17, 18 e 19 de xaneiro de 1901

Nos inicios do século XX, a semellante realidade da clase traballadora na Galiza e en Portugal faría que algúns cadros sindicais, dunha e outra banda do río Miño, considerasen a posibilidade de analizaren conxuntamente a realidade para actuaren, igualmente, en conxunción. Esta posíbel alianza relanzaríase co feito de ollaren os traballadores que a patronal empregaría en Portugal obreiros galegos e en Galiza operarios portugueses cando uns e outros ficaban en folga: era a introdución da figura do *fura-folga* ou *esquirol*, como ferramenta dos patróns para rachar coa tensión lexítima exercida polos traballadores e traballadoras e a necesaria solidariedade de clase.

Con este sustento desenvolveríanse tres congresos obreiros galaico-portugueses entre o 1901 e o 1903. De cara á celebración do primeiro, constituiríase unha comisión organizadora con membros de ambas as bandas do Miño e cun sobranceiro peso do obreirismo compostelán. Decidiría esta que sería en Galiza, nomeadamente na oficialmente raiana localidade de Tui, onde se celebraría o primeiro encontro, con respaldo, nun inicio de sociedades de traballadores de catorce localidades –doce galegas, dúas portuguesas- comprometidas co mesmo. Estas, de feito, enviarían representación ao congreso, desenvolvido en xaneiro do 1901 sumando entre unhas e outras corenta e tres membros -catorce portugueses e vinte e nove galegos-. A prensa da altura desta banda do Miño, nomeadamente o *Faro de Vigo*, expresábase do seguinte xeito ao respecto:

> *"… a Comisión organizadora do Congreso Obreiro galaico-portugués, acordou en definitiva que este se celebre en Tui, inaugurándose as sesións o día 17 do actual, ás seis da tarde. Asistirán delegados de Viana, O Porto, Vigo, A Estrada, O Porriño, Padrón, Pontevedra, Chantada, Tui, Marín, Santiago, Monforte e O Carballiño".*

O interese polo encontro fixo que se sumasen ducias de sociedades das localidades citadas, para alén dalgunha máis. Destacaba o xornal citado como se desenvolvía a xornada previa ao encontro galaico-portugués na cidade de Tui:

> *"… chegaron a esta cidade os delegados que han tomar parte no Congreso Obreiro (…) convocado para hoxe. Todos eles fixeron entrega á mesa interina das credenciais que acreditan a lexitimidade da súa representación".*

Congreso Obreiro Galaico-Portugués en Tui

Naquel encontro aberto o 17 de xaneiro do devandito ano estarían representadas noventa e dúas sociedades obreiras, nas que ficaban encadrados uns noventa mil obreiros e obreiras. Dándolle paso á mesa interina, abríase aquela xuntanza coa conformación da mesa presidencial. O presidente desta sería o representante da Coruña, Xosé Rodríguez, o vicepresidente sería Concepção Fernandes da federación dos metalúrxicos do Porto, secretarios Bricio Serantes, en representación dos tipógrafos ourensáns, Riveiro delegado do Porto, Campos ebanista de Pontevedra e Lenha Pintos de Viana do Castelo.

No organizativo os congresistas acordarían dotarse de dúas comisións internacionais de propaganda, unha con sede en Vigo e outra en Viana do Castelo. Así mesmo, e de cara a lle dar estabilidade ás relacións bilaterais, acordábase configurar unha comisión internacional pola banda galega con sede, tamén, en Vigo; presidida esta polo tipógrafo Enrique Botana, na que Jesús Blanco, ferreiro, e Antonio Abeleira, albanel, serían secretarios, sendo depositario daquela o carpinteiro Modesto Martínez.

Vila de Tui

Ao peche do encontro o 19 de xaneiro, desde a delegación galega tomaríase a determinación de realizar dous mitins na Galiza de cara publicitar as conclusións do encontro obreiro. O 20 de xaneiro organizaríase un mitin en Ourense, no que se congregarían os traballadores integrados nas sociedades da cidade das burgas participantes naquel I Congreso obreiro, xunto aos de Ferrol e A Coruña. Ao igual que este, desenvolvíase en Vigo o 21 daquel inicio de ano, no marco da sede da Federación de Traballadores que segundo a prensa do momento ficaba "...completamente ocupado pola concorrencia" . Entre outros asistirían, desde o encontro de Tui, Benito Feijóo de Vigo, José F. Prol e Constantino Nogueira de Compostela, xunto José Ribeiro e Francisco Viterbo Campo do Porto. A estes sumábase o canteiro José Rodríguez, delegado no congreso da Coruña e como vimos presidente daquela cimeira galaico-portuguesa, que viña de acudir ao encontro de Ourense. Nun e noutro fundamentalmente insistiuse na importancia daqueles encontros e da necesidade de formar a nivel electoral candidaturas obreiras, ou no seu defecto integrar a obreiros noutras candidaturas, de cara a obter representación diante das eleccións municipais; intervindo Botana e Loredo con grandes aplausos.

Mitin en Ourense para dar a coñecer as conclusións do I Congreso

[5] "El Congreso Obrero" in *Faro de Vigo*, 22/1/1901 capa

O II Congreso.
15,16, 17, 18, 19 e 20 de abril de 1902

Para o 15 de abril do 1902 ficaba marcada a data para se desenvolver na cidade lusa de Viana do Castelo o que sería o II Congreso Obreiro Galaico-Portugués[6]. Galiza enviaría unha delegación composta por quince delegados en representación de vinte e cinco organizacións obreiras, asistindo, así mesmo, dous representantes da Comisión Internacional aquén Miño con sede en Vigo.

Congresistas. Debuxo publicado no xornal *"O Primeiro de Janeiro"*

Das entidades galegas, as máis entusiastas antes de se desenvolver o propio encontro serían a Federación Obreira de Baiona, Sociedade de carpinteiros, albaneis e canteiros de Pontevedra, Sociedade de canteiros de Moaña, Sociedade de carpinteiros, ebanistas, peóns, barbeiros, zapateiros, sección varia e canteiros de Compostela, Sociedade de canteiros de Lugo, Sociedade *'La Unión Ferroviaria'*, da que sería delegado Bernardo Falcón, Federación local Benito Feijóo, Sociedade de carpinteiros Antonio Figueral, Sociedade de canteiros, peóns e curtidores, Emilio Vilar; Sociedade de tipógrafos, zapateiros, toneleiros, barbeiros e perruqueiros, así como panadeiros, mariñeiros e pescadores, Benigno Barros; Sociedade de albaneis e pintores, Manuel Rodríguez; por Pontevedra polos carpinteiros iría José Campos, polos canteiros Fernando Freixeiro; por Marín iría da man da Federación obreira José Portela; pola Sociedade de oficios e profesións varias da Guarda Domingo Carrero; Agustín Villanes pola Federación Obreira de Baiona; Sociedade de canteiros do Porriño e Lugo Emilio Campos; Sociedade de Canteiros de Moaña, Sociedade de Carpinteiros de Vilagarcía de Arousa e Sociedade de canteiros de Ponteareas representados polos delegados da comisión internacional con sede en Vigo (Enrique Botana e Victoriano Llanos), así como a Sociedade de Oficios varios da Illa de Arousa representada por José Campos. Chegaban os galegos a Viana ás doce menos cuarto do 14 de abril, agardados na estación do camiño de ferro polos obreiros portugueses que acudirían á cimeira.

Enrique Botana

De xeito equitativo participarían da mesa reitora do encontro delegados galegos e portugueses, asumindo o portugués Vitorino Ribeiro de Miranda a presidencia e o galego Emílio Vilar a vicepresidencia. Secretarios daquel encontro serían os galegos Xosé Campos e Benigno Barros, e os portugueses Manuel Gomes da Silva e João Alves Moreira Torres. Desenvolveríase o encontro baixo a presenza duns oitenta e catro obreiros, representantes de corenta e catro sociedades portuguesas e trinta e sete galegas.

Teatro Municipal Sá de MIranda en Viana do Castelo

[6] *Aínda que a idea previa é que se desenvolvese o encontro no mes anterior.*

Debateuse naquel encontro, a partir das seis horas do serán do 15 de abril, arredor de acentuar as accións conxuntas entre operarios dunha e outra banda do Miño, proxectándose unha xeira obreira por diversas vilas galegas e portuguesas. Propóndose, asemade, a conversión da Comisión Internacional Galaico-Portuguesa, que como vimos se creara un ano atrás con sede dupla, na *União Operária Galaico-Portuguesa*, decidíndose a favor da proposta os asistentes[7]. Esta unión tería como finalidade organizar os traballadores 'para a loita polos seus intereses e pola súa xustiza', sendo fundamental para o labor de concienciación da mesma, segundo os asistentes, a creación dun medio impreso de comunicación. Aproveitouse o devandito congreso para reprobar os canteiros portugueses para evitar que fixesen de *fura-folgas* diante das mobilizacións operarias galegas, nomeadamente as dos canteiros de Padrón e dos toneleiros vigueses.

Entre as resolucións, hai que salientar que as sociedades presentes e representadas se comprometían a facer o posíbel por organizar en asociacións propias os operarios de todas as localidades nas que fose posíbel artellar asociacións legais, e nas que non, organizaríanse 'grupos de propaganda societaria' e de 'emancipación obreira' ficando estas adheridas ás sociedade máis próximas. Para aumentar a conciencia de clase apelaríase a edición e difusión de publicacións, folletos e libros dado que *"...en canto existe unha clase que ordena e outra que ten que obedecer, unha clase que todo [posúe] e outra que nada [pode] dispoñer, ou esta prepárase convenientemente ou non estando preparada é impotente para a loita contra as causas da súa miseria"* [8].

Acordouse ademais que o Congreso enviase un saúdo á Secretaría Internacional de Bruxelas, sede da 2º Internacional, e que se constituíse unha Gran Unión Libre entre as asociacións existentes para fomentar a educación e a instrución, obter mellores resultados reivindicativos e o maior intercambio cos traballadores de Galiza e todos os demais países.

O día da clausura o teatro estaba cheo. José da Cunha Júnior defendeu a alianza dos traballadores manuais e dos intelectuais, afirmando que o operario mecánico debe unirse ao traballador intelectual para mostrar dese xeito a dependencia entre uns e outros, e como se complementa a súa obra. A sesión de clausura deste 2º Congreso rematou con vivas que expresaban o sentimento internacionalista do proletariado.

---

[7] "Congreso Obrero de Vianna" en *Faro de Vigo* 20/04/1902, capa.
[8] "El Congreso Obrero Galaico-portugués" en *Faro de Vigo* 18/04/1902, capa.

O III Congreso Obreiro Galaico-Portugués. 21 ao 26 de abril do 1903

O 20 de abril do 1903 chegaban á noutrora capital galega de Braga os delegados portugueses e galegos que ían asistir ao terceiro Congreso Obreiro Galaico-Portugués. O camiño de ferro, máis unha vez, era o medio de locomoción que a uns e a outros os situaba no punto de encontro. A prensa presentábao do seguinte xeito:

> *"Chegaron hoxe a esta cidade os delegados que teñen que tomar parte no 3ª congreso obreiro internacional galaico-portugués, o cal se realizará no salón do teatro de S. Geraldo. Na estación de ferrocarril foron esperados polos diferentes obreiros desta cidade. O congreso será inaugurado mañá".*[9]

Na mañá do 21 de abril ficaría constituído o encontro operario, baixo a presidencia de Inácio Lourenzo, sendo vicepresidente Manuel Rodrigo e secretarios Henriques Ximenes e António de Sá Barbosa. Naquela primeira sesión encargaríanse os organizadores de facer presentación das propostas dunha e doutras delegacións de cara aos debates a desenvolver ao día seguinte, léndose á noitiña a acta do anterior encontro operario desenvolvido en Viana do Castelo como vimos.

O 22 de abril reuníanse na cidade do Porto os integrantes da *União 1º de Maio*, acordando importantes resolucións a trasladar ao comicio obreiro que se ía desenvolver o 1º de maio na Serra do Pilar, entre as que podemos destacar a esixencia da xornada de 8 horas e do sufraxio universal, reclamando *"... a inmediata separación da Igrexa do Estado, como concesión especial á liberdade de pensamento e rexistro civil obrigatorio".* Conscientes os participantes daquela União de se estar desenvolvendo en Braga o devandito congreso obreiro galaico-portugués, adheriríanse aqueles ao encontro, tal e como ficou rexistrado nos xornais da altura non refractarios aos intereses e realidade das e dos traballadores:

"Reuníronse onte á noite os delegados a esta União e despois de lidos algúns oficios de adhesión á manifestación do 1º de maio, resolveuse enviar un telegrama ao congreso galaico-portugués, que se está efectuando en Braga, saudándoos en nome de todas as asociacións obreiras do Porto e Gaia".[10]

Aquel día ficará designada a comisión que se entrevistaría co gobernador civil do distrito de Braga, con intención de obter permiso para que os obreiros congregados se manifestasen polas rúas da cidade o domingo 26 de abril.

Os asistentes ao Congreso van recibir a estacion aos delegados de Porto

[9] "CARTAS DIARIAS. Braga, 20" in *O primeiro de Janeiro*, 21/4/1903 Capa do xornal p.1
[10] "União do 1º de maio" in *Jornal de Notícias*, 23/04/1903 p.3

O 24 daquel mes realizábase unha outra sesión, a quinta e antepenúltima do congreso, presidida por Inacio Lourenço Godinho, e secretariado por Henrique Ximenes e Antonio da Sá Barbosa , a partir das sete e media da tardiña. Nesta aprobaríase a acta da anterior sesión, dándose aínda recepción a novos telegramas de adhesión a este, caso do telegrama de saúda enviado polos Pintores e Estucadores de Pontevedra. Alén das saúdas recibidas e de diversas intervencións realizadas, probabelmente a de maior calado sería a

pronunciada por Custodio Dantas. Este delegado da clase dos refinadores de azucre do Porto presentaría unha proposta de enorme relevo que podemos ler a continuación:

"Considerando que é da máxima necesidade que a clase traballadora estea unificada como un só home para mellor emprendemento das súas loitas contra os explotadores da humanidade. Considerando que é preciso combater de xeito intransixente non só a explotación fabril que non se xustifica, mais igualmente todos os monopolios se comezan a desenvolver e que por si constitúen a maior explotación, pois tan soamente utilizan aqueles a quen é concedido tal privilexio.

Propoño:

Que neste congreso fique consignado que os proletarios españois e portugueses non consentirán nunca que tales monopolios sexan feitos en práctica sen que fiquen garantidas non só a situación dos operarios empregados na industria que se desexa monopolizar, como igualmente a situación do pobo en xeral que é por vía de regra a vítima constante de todas as condicións dificultosas, a quen se aplica o termo "o pobo todo o paga".- (a) Custodio Dantas".

Exposición e proposta:

(...) cúmpreme na parte dos asuntos deste congreso que deben dicir respecto aos intereses especiais de cada clase desempeñarme desa parte do mandato que me foi conferido, e por iso, querendo para interese da clase que represento establecer os lazos de solidariedade dos refinadores de azucre do Porto cos da Galiza creando relacións que poidan auxiliar aspiracións desta colectividade nos dous países, comeza por ofrecer aos delegados galaicos algúns datos estatísticos da dita clase, pedíndolles que igual servizo nos presten logo que poidan obtelos da clase dos refinadores españois asociados empreguen todos os esforzos para que ela se constitúa. A clase dos refinadores do azucre componse en Portugal de 369 homes divididos pelas seguintes localidades: O Porto, 140; Lisboa, 200; Guarda, 5; Coimbra, 6; Viana, 3; Guimarães, 4".[11]



[11] Congresso operário internacional Gallaico-Portuguez. Braga, 24 5ª Sessão" in *Jornal de Notícias*, 25/04/1903, pp.2-3

Diante do peche do terceiro congreso obreiro galaico-portugués deseñarase unha excursión de convivio entre uns e outros asistentes, así como outros operarios (e familiares destes) que quixeren participar:

"Prevese que para esta excursión, que se realiza o día 26 por ocasión do peche do congreso galaico-portugués, estará todas as noites na Federación un membro da comisión.

Mais lembra que no próximo xoves ou venres serán trocados os billetes provisionais (...) nos locais onde se compraron, así como tamén se distribuirán na Federación ás diversas asociacións, debendo estas dar hoxe a súa resposta até ás 8 horas da noite".[12]

Sexa como for, estaría previsto após a celebración deste terceiro congreso, desenvolver un outro en Pontevedra, que finalmente non se desenvolvería, tal e como ten afirmado o historiador Eliseo Fernández:

"Infelizmente, o Congreso de Braga puxo termo ao percorrido da Unión Galaico-Portuguesa. O Congreso de Pontevedra foi adiado pola coincidencia co Congreso de Agrupacións Socialistas da Galiza e finalmente non chegou a realizarse. A tentativa da solidariedade obreira de superar unhas fronteiras artificiais malogrouse, mais os seus froitos aínda ficaron por moitos anos entre os obreiros das dúas marxes do Miño".[13]

Con aquel terceiro congreso desenvolvido en Braga, vella capital da Gallaecia, racharíase unha iniciativa de grande significado e, sobre todo, transcendencia de ter continuado. Unha iniciativa que serviría como degrao histórico de relevo, modélico, para as necesarias relacións fraternais a manter entre operarios galegos e portugueses.

Congresos obreiros galaico-portugueses

Coordenador: **Manuel Mera**
Texto: **Uxío Breogán Diéguez**
Ilustracións: **Tokio**
Revisión Lingüística: **Rafa Vilar**
Deseño: **Xesús Vaamonde**
Edita: **CIG**
Colabora: **Deputación da Coruña**

[11] Movimento operário e associativo" in *Jornal de notícias*, 21/04/1903, p.3
[12] Fernández, Eliseo, "O declínio da União Galaico-Portuguesa" in *Diario Liberdade*, 14/02/2011.

Edita:

CIG

Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com

Colabora:

DEPUTACION DA CORUÑA

www.dicoruna.es